


SEVILLA MUÑOZ, Julia (2020): *Refranes del siglo XVI en el siglo XXI*. Vermont: The University of Vermont. En MIEDER, Wolfgang (Ed.), “Supplement Series of Proverbium Yearbook of international Proverb Scholarship”, vol. 44. ISBN 978-0-9846456-9-5; 232 páxs.¹



O volume 44 dos suplementos da revista *Proverbium*, creados e editados por Wolfgang Mieder (University of Vermont), contén unha investigación da Doutora en Filoloxía Francesa e Catedrática en Tradución e Interpretación Julia Sevilla Muñoz. Este traballo, cuxa edición estivo a cargo de Elke Cases Berbel, versa sobre unha colección manuscrita bilingüe (castelán-latín) de paremias recompiladas no século XVI. Porén, non se trata da mera transcripción dun repertorio, senón da aplicación dunha metodoloxía que permita analizar as paremias castelás de carácter popular (refrán, frases proverbiais, locucións proverbiais e dialoxismos) que figuran na devandita colección bilingüe co obxectivo de mostrar que, ademais da tradición oral (de pais a fillos, de avós

a netos...), existen outras vías de transmisión para os enunciados sentenciosos, como a tradición escrita.

Este libro achega unha innovadora investigación paremiolóxica e paremiográfica. Velaquí unha das novidades desta obra: o estudo das 395 paremias castelás de carácter popular existentes nun repertorio de carácter culto, destinado probablemente á ensinanza do latín. Outra das innovacións radica no repertorio elixido, pois estamos ante unha colección manuscrita que data do século XVI e que apenas foi consultada dende que foi doada á Biblioteca Nacional no século XIX. Descoñécese quen foi o compilador, mais, pola presentación do material seleccionado e polo seu excelente dominio do latín e da lingua castelá, parece que posúa unha sólida formación humanística; de feito, influída por Erasmo de Rotterdam, a persoa encargada da recompilación dálles gran importancia aos adaxios, proverbios e sentenzas.

¹ Tradución ao galego por Alba Quinteiros-Soliño.

O libro estrutúrase en dúas partes que se complementan: a primeira comprende un ensaio paremiolóxico sobre as paremias de carácter popular existentes no repertorio, así como unha descrición do proceso seguido para illalas. Tras explicar os trazos formais da colección, así como os criterios para sistematizar o material, Sevilla Muñoz presenta algunhas consideracións no tocante á autoría e á data de composición do repertorio para, seguidamente, afondar na análise das paremias de carácter popular —isto é, os refráns, as frases proverbiais, os dialoxismos e as expresións proverbiais— consonte á clasificación proposta pola propia autora en colaboración con Crida Álvarez na revista *Paremia*, 22 (2013: 105-114). Con este obxectivo en mente, a autora do ensaio leva a cabo un exhaustivo proceso de eliminación das unidades lingüísticas que non pertencen a este grupo: en primeiro lugar, a supresión das formas repetidas e a agrupación das variantes facilita obter as unidades fraseolóxicas e analizar a súa tipoloxía; a continuación, tras a clasificación das expresións recollidas, desbótanse as locucións, colocacións e enunciados fraseolóxicos, as cales escapan aos límites da investigación, de xeito que xa só queda ao dispor da autora o grupo das paremias. Neste sentido, Sevilla Muñoz distingue dous grupos de paremias en función do uso e da orixe: as de orixe coñecida e uso preferentemente culto (proverbios e aforismos) e as de orixe polo xeral anónima e uso popular (refráns, frases proverbiais, locucións proverbiais e dialoxismos).

O paso seguinte da investigación consiste en estudar o segundo grupo que acabamos de mencionar, o cal supón o 59 % do material paremiográfico en castelán extraído. Despois, este material agrúpase por categorías, sendo a máis numerosa a dos refráns. A tipoloxía destes últimos é variada, pois hai refráns morais («Qual la madre: tal la hija»; «Vn Clavo, saca otro clavo»), xeográficos («Quien es ruyn, en su villa; es ruyn, en Castilla»), meteorolóxicos («En Abril, aguas mil»), laborais («No por vn mal año: dexes de sembrar ogaño») e médicos («Al ojo, límpiale con el codo»). Cabe mencionar que, de todas as paremias inscritas no refraneiro, os refráns morais ocupan un lugar notable (o 52,45 %), mentres que non se atopou ningún refrán supersticioso, por exemplo; posiblemente, a escaseza deste tipo de paremias débese non só á finalidade moralizante e didáctica da obra, senón tamén á formación culta do autor. Por outra parte, dado que este traballo clasificatorio resulta complexo, as detalladas explicacións de Sevilla Muñoz son sumamente instrutivas e axudan a comprender como se aplica na investigación a súa proposta de clasificación de paremias.

A continuación, a autora aborda unha cuestión interesante: as concordancias paremiolóxicas. Deste xeito, propónse buscar as concordancias paremiográficas existentes entre a colección anónima e un elenco de refraneiros dos séculos XV, XVI e XVII, entre os que se atopa o refraneiro literario do *Quixote*. Así, os refraneiros elixidos ascenden a oito: o *Seniloquium*, o refraneiro do Marqués de Santillana, os *Refranes glosados*, o refraneiro de Francisco de Espinosa, os refráns do *Diálogo de la lengua* escrito por Juan de Valdés, o *Libro de refranes* de Pedro Vallés, os *Refranes o proverbios en romance* de Hernán Núñez e *Don Quijote de la Mancha* de Miguel de Cervantes. A eles hai que engadir unha obra lexicográfica: o *Diccionario de vocablos castellanos* de Alonso Sánchez de la Ballesta. É necesario sinalar que os refraneiros seleccionados salientan polo seu gran valor para a

investigación paremiográfica e paremiolóxica, como é o caso do *Seniloquium*, considerado un dos primeiros refraneiros da lingua española. Ademais das obras mencionadas, a ausencia de concordancia entre algunhas paremias da colección anónima e as fontes consultadas levou a examinar outros refraneiros, como o *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* de Gonzalo Correas (1627). A localización destas concordancias paremiolóxicas abre a porta a afondar na vida das paremias e a coñecer a evolución das mesmas.

É importante sinalar que a colección anónima presenta similitudes coas paremias inscritas nos refraneiros seleccionados, o cal permite descubrir un maior número de variantes. Así, o refrán achegado polo compilador anónimo «Allegadôr de la ceniza: desperficiadôr de la harîna» pódese considerar unha variante do refrán aparecido en *Seniloquium* «Allegador de la zeniza y desrramador de la farina», así como unha variante da recompilación de Vallés «Allegadora de la ceniza y desparramadora de la harina» ou do refraneiro de Marqués de Santillana «Derramadora de la harina, allegadora de la ceniza». Por outro lado, en ocasións, a recompilación anónima é a única que presenta unha forma diferenciada. Tal é o caso do enunciado «A Dios, llamando: y con el mazo dado», que se considera unha variante do refrán clásico «A Dios rogando y con el mazo dando». Nesta mesma liña, a colección anónima achega paremias que non foran obxecto de rexistro na maioría dos refraneiros seleccionados, tal é o caso da frase proverbial «La noche, es capa de pecadores», recollida na *Tragicomedia de Calixto y Melibea* de Fernando de Rojas e no *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* de Correas.

Tras a localización e estudo das concordancias, analízanse as paremias sinónimas, antónimas e hiperónimas da colección anónima e inclúense algunhas observacións sobre a acentuación e a puntuación. Unha vez feito este paso, estúdanse as paremias vixentes. Neste aspecto, segundo a autora, un 66 % das paremias populares rexistradas na colección anónima está en desuso, mentres que hai paremias aínda empregadas no tempo actual (“competencia activa”) —como os refráns «No es tan bravo el león como lo pintan» ou «Nadie diga de esta agua no beberé»— e outras que quedan na memoria dos falantes (“competencia pasiva”) —como «Mas sabe el necio en su cassa; que el cuerdo en la agena»—. Por outra parte, algunhas paremias procedentes do século XVI chegaron á actualidade mantendo a súa forma intacta, como sucede co coñecido refrán meteorolóxico «En abril, aguas mil».

Na segunda parte do libro, preséntanse estas paremias numeradas coa grafía do compilador e acompañadas tanto das concordancias como de aclaracións léxicas, así como as paremias relacionadas alfabeticamente na súa forma actualizada; tamén se indica o número asignado e a localización na colección manuscrita.

Esta obra proporciona, polo tanto, un método de traballo que permite conseguir resultados de gran interese, en particular no referente ás variantes, á tipoloxía das paremias, ás concordancias paremiolóxicas e á vixencia das formas analizadas. Sen dúbida, será unha lectura obrigada para os novos investigadores, xa que ofrece un método interesante e

explicado paso a paso, o que a converte nunha valiosa guía para levar a cabo investigacións paremiolóxicas dende distintas perspectivas.

En definitiva, non podemos deixar de recomendar a consulta desta obra de fácil acceso, a cal se pode consultar tanto en papel como en soporte dixital, pois está dispoñible en PDF na sección “Documentos” da *Biblioteca fraseolóxica y paremiolóxica*.

Referencias bibliográficas

SEVILLA MUÑOZ, Julia e CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2013): “Las paremias y su clasificación”, en *Paremia*, 22, 105-114.

Yuanxin Ji

Universidad Complutense de Madrid
<https://orcid.org/0000-0001-8171-917X>